

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 10 de decembro de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB).

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 244, do 17 de decembro de 2008, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 22.479, no punto cuarto do resolvo, onde di:

«Cuarto.-As axudas reguladas nestas bases financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 02.02-E4/10/01-651700 que figura dotada no proxecto de orzamentos do Igape para 2009...».

Debe dicir:

«Cuarto.-As axudas reguladas nestas bases financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 02.02-E4/10/03-651700 que figura dotada no proxecto de orzamentos do Igape para 2009...».

-Na páxina 22.480, no artigo 3, punto 3, onde di:

«3. Para os efectos do artigo 8 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto de 2008 as Pemes solicitantes non poderán ter iniciado o proxecto subvencionable previamente á presentación da solicitude de axuda no Igape».

Debe dicir:

«3. As empresas solicitantes non poderán ter iniciado o proxecto subvencionable previamente á presentación da solicitude de axuda no Igape».

-Na páxina 22.480, no artigo 4, punto 2, onde di:

«2. ..., especialmente as exclusións por sector de actividade das Pemes contidas no artigo 1.3º do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008».

Debe dicir:

«2...., especialmente as exclusións por sector de actividade das Pemes contidas no artigo 1.3º do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008 e das non Pemes contidas no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro de 2006)».

-Na páxina 22.481, no artigo 8, punto a), onde di:

«a) O sector de actividade da PEME, ...».

Debe dicir:

«a) O sector de actividade da empresa, ...».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 10 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lles adxudican destinos aos médicos forenses que superaron as probas selectivas convocadas pola orde do Ministerio de Xustiza do 15 de setembro de 2006 para o ámbito territorial de Galicia.

Visto o expediente instruído para a provisión de destinos polos médicos forenses aprobados nas probas selectivas convocadas pola Orde Jus/2979/2006, do 15 de setembro (BOE do 29 de setembro) para o ámbito territorial de Galicia, e de conformidade co artigo 488 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e co artigo 28 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza,

Esta dirección xeral

RESOLVEU:

Primeiro.-Nomear para os destinos que se indican os médicos forenses que se relacionan no anexo.

Segundo.-O prazo para tomar posesión do destino obtido será de vinte días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*, para o caso de que esta non se faga simultaneamente co *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou recurso potestativo de reposición ante este órgano, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no BOE, segundo o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2008.

Begoña Santos Fernández
Director xeral de Xustiza